



Tralo documento “Bibliotecas escolares abertas” remitido aos centros PLAMBE para orientar o remate do curso 2019/20 así como o enfoque das liñas prioritarias para o vindeiro curso, avánzase unha “carta de navegación” con algúns aspectos a valorar na planificación da biblioteca para o ano académico 2020/21, que deberá ficar sempre supeditada ás instrucións que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dite para os centros no seu conxunto.

#bescolaresgalAbertas - Carta de navegación curso 20/21

- **Planificar una nova formación de usuarios** , implicando ao alumnado voluntariado (que graven titoriais e fagan a cartelería para difundir...) coas normas básicas de uso da biblioteca:
 - Lavar as mans
 - Manter a distancia de seguridade
 - Solicitar os materiais
 - Manipular so os recursos necesarios
 - Utilizar os postos habilitados
 - Seguir os circuitos de circulación establecidos
 - Devolver os préstamos na caixa habilitada
 - Devolver as mochilas viaxeiras no espazo indicado

- **Mobilizar e informar**, a biblioteca pódese e débese usar
- Manter o sentido da **“biblioteca, viveiro de cidadanía”** , seguir mantendo contacto coa comunidade e traballo grupal (aínda na distancia)
- Reforzar o traballo das competencias **ALFIN e AMI**
- Reforzar o traballo cos **medios de comunicación** e a identificación das noticias falsas
- Ofertar os **recursos tecnolóxicos** ao alumnado que o precise
- Difundir recursos e contidos a través dos **blogs e webs** (lectura, ALFIN, AMI, radio, creación...), respectando os dereitos de autoría e a protección de datos

Esta é una oportunidade para facer a nosa biblioteca máis sustentable e accesible:

- *Eliminar os plásticos deixando de forrar os libros (o plástico aumenta o período de corentena), evitar no posible o uso de cintas plásticas ou vinilos para a sinalizar a circulación ou os postos e espazos non habilitados. Realizar está sinalización con materiais en relevo que faciliten o acceso ás persoas con dificultade visual.*
- *Eliminar o papel na publicación de normas, trípticos... editando vídeos ou audios (empregar lingua de signos ou pictogramas se é preciso).*